

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL

ANTECEDENTES

O Concello de San Sadurniño, presentou unha solicitude ao abeiro das Bases do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2016, publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP nº 75 do 21 de abril de 2016.

Con data de 22 de xuño de 2016 foi publicada a resolución de concesión da dita subvención (BOP nº 118).

Por mor disto, o Concello vai contratar de maneira temporal ao seguinte persoal:

- 1 albanel
- 2 peóns
- 1 chofer

Debido á urxencia para realizar a contratación,

RESOLVO

1. Aprobar as bases para bases para a contratación laboral temporal de varios postos ao abeiro do Programa de integración laboral (PIL) da Deputación provincial da Coruña 2016, elaboradas pola Orientadora laboral.
2. Nomear ao seguinte tribunal de selección:
 - Presidenta: Cristina Paz Galindo
 - Secretaria: Mónica Cebreiro Caneiro
 - Vogal: J. Bautista Sanjurjo PérezO tribunal estará aistido polo Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local, Ignacio Fernández López
3. Instar ao persoal municipal, e nomeadamente ao tribunal de selección, para que proceda, á maior brevidade, cos trámites para a urxente contratación do persoal temporal citado
4. Dar conta desta resolución na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre.

San Sadurniño, 27 de xuño de 2016

O Alcalde



Secundino García Casal

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE VARIOS POSTOS AO
ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL) DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA 2016**

O Concello de San Sadurniño, presentou unha solicitude ao abeiro das *Bases do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2016*, publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm 75 do 21 de Abril de 2016.

Con data de 22 de Xuño de 2016 foi publicada a resolución de concesión da subvención (BOP núm 118), a través da cal contrataranse os seguintes postos:

POSTO	MODALIDADE DE CONTRATACIÓN
1 Albanel Of de 1ª	OBRA/SERVIZO (Interese Social) 4 meses, xornada parcial de 25 horas semanais
2 Peóns de obras públicas	OBRA/SERVIZO (Interese Social) 5 meses, xornada parcial de 27,5 horas semanais
1 Chofer de camión	OBRA/SERVIZO (Interese Social) 6 meses, xornada completa.

O obxecto das presentes bases é marcar os criterios de selección de traballadores e traballadoras para cubrir os anteriores postos de traballo.

Bases específicas para o proceso de selección de 2 Peóns de Obras Públicas

As súas funcións serán as de prestar auxilio ao albanel á hora de realizar pequenas obras e reparacións en instalacións municipais vinculadas a servizos mínimos; e ao chofer, nas tarefas de recollida e tratamento primario dos diferentes tipos de residuos recollidos.

PRIMEIRA: O procedemento de selección será o seguinte:

- Introdución da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo.
- Valoración de méritos.
- Entrevista
- Puntuación final e proposta de candidatos/as a alcaldía. No caso de empate terá/n preferencia a/s persoa/s que non perciba/n ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate a/s persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

SEGUNDA: A puntuación por **circunstancias persoais** supoñerá un **máximo de 6 puntos** e resultará de:

1.- Suma dos apartados seguintes, no que cada un se valorará en 1 punto, até un máximo de 5:

- Mulleres, ao ter un diferencial de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. (acreditarase mediante a presentación do certificado)
- Parados de longa duración: persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. (consultarase directamente na base de datos do SPEG)
- Vítimas de violencia de xénero. (acreditarase mediante presentación de sentenza xudicial firme)



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2.- Prestacións por desemprego, até un máximo de 1 punto (consultarase directamente na base de datos do SPEG) :

- Prestación por desemprego: 0 puntos
- Subsidio por desemprego: 0,5 punto
- Sen prestación nin subsidio: 1 punto

TERCEIRA: A entrevista será valorada **nun máximo de 4 puntos**, segundo o criterio do tribunal asignado, onde se valorarán coñecementos do posto a desenvolver.

CUARTA: O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Cristina Paz Galindo

Secretaria: Mónica Cebreiro Caneiro

Vocal: J. Bautista Sanjurjo Pérez

Bases específicas para o proceso de selección de 1 Albanel Oficial de 1ª

As súas funcións serán as de realizar pequenas obras de reparación ou mellora en instalacións municipais vinculadas a servizos mínimos (beirarrúas e vías públicas, redes municipais de abastecemento e tratamento de auga, illas ecolóxicas...)

PRIMEIRA: O procedemento de selección será o seguinte:

- Introdución da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo.
- Valoración de méritos.
- Entrevista
- Puntuación final e proposta de candidato/a a alcaldía. No caso de empate terá preferencia a persoa que non perciba ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate a persoa con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

SEGUNDA: A puntuación por **circunstancias persoais** supoñerá un **máximo de 6 puntos** e resultará de:

1.- Suma dos apartados seguintes, no que cada un se valorará en 0,5 puntos, até un máximo de 2,5:

- Mulleres, ao ter un diferencial de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. (acreditarse mediante a presentación do certificado)
- Parados de longa duración: persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. (consultarase directamente na base de datos do SPEG)
- Vítimas de violencia de xénero. (acreditarse mediante presentación de sentenza xudicial firme)

2.- Prestacións por desemprego, até un máximo de 0,5 puntos (consultarase directamente na



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

base de datos do SPEG):

- Prestación por desemprego: 0 puntos
- Subsidio por desemprego: 0,25 puntos
- Sen prestación nin subsidio: 0,5 puntos

3.- Experiencia laboral a xornada completa como albanel oficial de 1ª, até un máximo de 3 puntos (acreditarse mediante informe de vida laboral e contratos de traballo, nóminas ou certificados de empresa. No caso de que o/a candidato/a non dispoña deles consultarase os datos que aparezan no CV do SPEG):

- Até 12 meses: 0,5 puntos
- Entre 13 e 24 meses: 1 punto
- Entre 25 e 36 meses: 1,5 puntos
- Entre 37 e 48 meses: 2 puntos
- Entre 49 e 60 meses: 2,5 puntos
- 61 meses ou máis: 3 puntos

Só se sumarán meses completos. No caso de que a xornada de traballo fose parcial, sumarase a parte proporcional que lle corresponda.

TERCEIRA: A entrevista será valorada nun **máximo de 4 puntos**, segundo o criterio do tribunal asignado, onde se valorarán coñecementos e traxectoria laboral do posto a desenvolver.

CUARTA: O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- Presidenta: Cristina Paz Galindo
- Secretaría: Mónica Cibreiro Caneiro
- Vocal: J. Bautista Sanjurjo Pérez

Bases específicas para o proceso de selección de 1 Chofer de camión

As súas funcións serán as de guiar os camiións municipais, de recollida de residuos, así como a maquinaria agrícola, de cara a realizar tarefas de desbroce e limpeza de vías municipais.

PRIMEIRA: O procedemento de selección será o seguinte:

- Introdución da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo.
- Valoración de méritos.
- Entrevista
- Puntuación final e proposta de candidato/a a alcaldía. No caso de empate terá preferencia a persoa que non perciba ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate a persoa con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

SEGUNDA: A puntuación por **circunstancias persoais** supoñerá un **máximo de 6 puntos** e resultará de:

1.- Suma dos apartados seguintes, no que cada un se valorará en 0,5 puntos, até un máximo de 2,5:

- Mulleres, ao ter un diferencial de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. (acreditarase mediante a presentación do certificado)
- Parados de longa duración: persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. (consultarase directamente na base de datos do SPEG)
- Vítimas de violencia de xénero. (acreditarase mediante presentación de sentenza xudicial firme)

2.- Prestacións por desemprego, até un máximo de 0,5 puntos (consultarase directamente na base de datos do SPEG):

- Prestación por desemprego: 0 puntos



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Subsidio por desemprego: 0,25 puntos
- Sen prestación nin subsidio: 0,5 puntos

3.- Experiencia laboral a xornada completa como chofer de camiión, até un máximo de 3 puntos (acreditarase mediante informe de vida laboral e contratos de traballo, nóminas ou certificados de empresa. No caso de que o/a candidato/a non dispoña deles consultarase os datos que aparezan no CV do SPEG):

- Até 12 meses: 0,5 puntos
- Entre 13 e 24 meses: 1 punto
- Entre 25 e 36 meses: 1,5 puntos
- Entre 37 e 48 meses: 2 puntos
- Entre 49 e 60 meses: 2,5 puntos
- 61 meses ou máis: 3 puntos

Só se sumarán meses completos. No caso de que a xornada de traballo fose parcial, sumarase a parte proporcional que lle corresponda.

TERCEIRA: A entrevista será valorada nun **máximo de 4 puntos**, segundo o criterio do tribunal asignado, onde se valorarán coñecementos e traxectoria laboral do posto a desenvolver.

CUARTA: O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Cristina Paz Galindo

Secretaria: Mónica Cebreiro Caneiro

Vocal: J. Bautista Sanjurjo Pérez



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ANEXO 1: TÁBOA DE PUNTUACIÓNS

POSTO:

PERSOA ASPIRANTE	DNI	SITUACIÓN PERSOAL	ENTREVISTA	PUNTUACION FINAL

San Sadurniño, 27 de xuño de 2016

O Alcalde

Secundino García Casal